

O NADADOR

Frank Perry / Sydney Pollack, 1968

1567

ESTREA EN NUMAX: 05.08.2025 | V.O.S.E. | 95 min

Ned Merrill vive nunha zona residencial de clase alta das aforas de Connecticut. Un día, Ned decátase de que todo o val onde vive está cheo de piscinas privadas. Ante o asombro dos seus amigos, Ned decide percorrer o val de piscina en piscina até chegar á súa casa. Polo camiño, encontra a varias das mulleres que fixeron parte da súa vida.

«Un home atravesa as piscinas
espindo as miserias da vida saneada.
Unha parábola magnética con
ademán de fita de culto»

Luis Martínez, EL MUNDO



As debilidades humanas dun confiado sorriso

O nadador baséase no celeberrimo relato de John Cheever, -clásico inmediato da literatura contemporánea nada máis publicarse en 1964- que retrata a decadencia dunha sociedade acomodada, a do benestar dourado, que se nutre da súa propia inanidade e parece gozar de disolverse a si mesma. A película non segue a literalidade do relato, pero o retrato que fai desa clase social e da forma de estar no mundo que lle corresponde é o mesmo: a hipocrisía, a incompreensión, a indiferenza. Neddy (Burt Lancaster) decide volver á súa casa indo de piscina en piscina, pois coñece a todos os propietarios do condado, e en cada casa fala ou escoita, ata que chega á súa propia, que non ten piscina.

A película está inzada de erros de todo tipo (de continuidade, de montaxe, actores e actrices mal dirixidos que dan vida a personaxes incoherentes, etc) e afoga en todos os defectos do cinema dos anos 60: calidoscopías, zooms a esgalla, música cargante (...) Porén, por baixo de todo isto ferven dous feitos que a elevan á intemporalidade artística. Por unha banda hai unha historia de fondo (o relato de Cheever) e un guión que sen ser quizais moi sólido desde o punto de vista narrativo, é capaz de conservar con todo a mensaxe e a profundidade que ten a parábola do río feito de piscinas suburbanas. Neddy é un ser estraño, que vive dacabalo de dous mundos que nós temos que definir: poden ser o éxito e o fracaso, poden ser o pasado e o futuro, poden ser a cordura e a tolemia, mesmo a vida e o alén... É un personaxe capaz de recoller todas as contradicións sociais e persoais que viviu e que lle afectaron no pasado e sublimalas nunha forma de estar no mundo tan especial e sensible que choca coa insoportable estupidez e a mediocridade hipócrita do mundo dos seus amigos de entón. Neddy no que di e no que fai é como un alien. Éo nun dobre sentido, porque á vez é estraño, alleo, estranxeiro, e tamén algo así como un ser absolutamente alienado no sentido filosófico tradicional do termo. É un home que chegou a tal extremo de alienación social e ideolóxica que finalmente acabou desprendido por completo de si mesmo, pero paradoxalmente o que queda é un ser novo, limpo, inxenuo e vivo. Porque Neddy á vez é un home que ao perderse atopouse a si mesmo e decide tomar o camiño cara a ser o que el cre que é ou debería ser, un home de éxito, exemplar pai de familia. Ese é o camiño absurdo das piscinas, pero non calcula que entre unha e outra hai moitas espiñas que lle mancarán os pés e a ilusión, e que cada unha delas ten o seu dono. El cre posuír dalgunha forma as piscinas porque coñece o camiño que elas marcan, pero, posto en marcha, todo lle é hostil, porque o coñecemento do camiño non é o camiño.

A outra gran virtude d'*O nadador* é, obviamente, Burt Lancaster. Exuda humanidade. Exhala contradición. Respira sensibilidade. Lancaster é un actor privilexiado; ten o don de contar cun físico excepcionalmente fermoso, ben construído, así como un rostro franco e fresco, que con todo, por algunha maxia que eu non podo explicar, emana fraqueza, prevención, temor... As debilidades humanas afloran do seu sorriso confiado, e por iso parece un ser que está sempre por terminar de construír, que ten tanto de luminoso que leva unha gran sombra detrás que nos vai tomarnos cando el pase de longo. Esta calidade tan especial acentuouse por suposto cando lle chegou esta plena madurez física que contemplamos na película. Mentres mellor o vemos e mellor se atopa menos parece coñecerse e máis consegue emocionarnos con ese lento zozobrar que é o discorrer da película.